



NARÓN

MOCIÓN PARA RECLAMAR MEDIDAS PARA QUE XUVIA SEXA O LUGAR SEGURO QUE TODA A VECIÑANZA MERECE

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A historia de Narón é a historia de San Xiao, Xuvia, San Mateo de Trasancos... é a historia do Mosteiro do Couto cunha biblioteca pechada que garda libros importantísimos da comarca, é a historia dun concello onde nace o camiño de Santo André, peregrinación esta que xa existía antes de que os romanos chegasen á nosa costa. É a historia da Revolta Popular de 1918, de labregos e operarias unidas nun mesmo fin e que se iniciou en Xuvia, é a historia da loita pola democracia, e a de tantas cousas que hai que defender e coidar para saber quen es somos e a onde queremos ir.

Xuvia é deses lugares cos seus muíños, coas súas casas declaradas de interese cultural, un sitio de referencia para calquera naronés e naronesa. Por iso, desde o BNG, non podemos pecharnos de brazos e dicir que non pasa nada. Xuvia, pese a quen lle pese, é o casco histórico do noso concello e cun dinamismo e vida propias a pesar de que quitaran a sede administrativa del, a pesar de non querer facer o novo centro de saúde en Xuvia como tivemos solicitado no BNG. Xuvia e moito máis que un paseo e, para iso, toca dotalo de recursos e ter un proxecto claro para que os acontecementos dos últimos tempos, e que van saíndo cada certo tempo, non se repitan. Máis agora que o vandalismo, roubos en comercios e garaxes sucedéronse de maneira preocupante. Isto non é alleo, no 2023 houbo un tiroteo que viña acompañado doutros problemas e, nos últimos dez anos foron pechando edificios e vivendas ou tendo que derrubar outras coma se o concello non tivese máis plan que cambiar unhas beirarrúas por outras exactamente do mesmo tamaño...

No BNG temos un proxecto claro para Xuvia que pasa por investir no espazo público (onde o concello ten plenas competencias) e onde as persoas compartan e disfruten del independentemente da súa orixe, xénero, condición social ou capacidades pero, para iso, hai que investir e crear un centro comercial aberto e promover os negocios de barrio ou o máis importante: un plan director específico con expertos e expertas que sexa a folla de ruta para o desenvolvemento do barrio para o presente e tamén a medio e longo prazo coa humanización das contornas, rehabilitación de vivendas, construción de equipamentos como un novo CEIP e un Pavillón deportivo, e todo contando coa participación veciñal evitando sempre a improvisación e sen actuar só cando a situación se volve insostíbel.

E tamén traballar o patrimonio inmaterial: a memoria colectiva, a transmisión oral e tradicional do barrio. Promover puntos de encontro e actividades interxeracionais.

Pode parecer complicado, pero tan só hai que comezar poñendo un paso de peóns na Estrada de Castela, non ter pechada 9 meses a metade da praza do concello por mor dunha pérgola en mal estado, non dar por boa a iluminación que se axeitou no 2019 ... e seguir con parches, se non pensar que máis se pode facer ou, algo tan sinxelo, como ter a parada de taxis na ubicación que solicitan.

O mundo cambia e vemos como noutras cidades mellora e, en Narón. inténtase que todo sega igual mentres a realidade empeora. Por todo isto pedimos os seguintes **ACORDOS PLENARIOS:**

1.- **Solicitar** (tal e como pedimos por rexistro e non se nos respondeu a día de hoxe) que na **convocatoria do mes de maio da XUNTA DE SEGURIDADE LOCAL** esteamos todos os grupos políticos municipais representados e unha persoa representante da AV Altea.

2.- **Encargar por parte do goberno municipal a elaboración dun PLAN DIRECTOR do barrio de Xuvia con prazos de execución e partidas orzamentarias necesarias.**

3.- **Solicitar á Xunta de Galiza que o trazado do camiño Inglés referencie a Estrada de Castela ao seu paso por Xuvia e non só o paseo para dar a coñecer o casco histórico da nosa cidade**

4.- **Elaborar un plan de promoción do comercio de proximidade no barrio histórico de Xuvia**

5.- **Actividades culturais e de ocio en diferentes espazos de Xuvia e non só no paseo.**

Narón, 21 de abril de 2026